

Campo Lameiro, 25 de novembro de 2009

NOTA DE PRENSA

CAMPO LAMEIRO CELEBRA O “DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO”

O Concello de Campo Lameiro repartiu hoxe por todo o municipio o cartel gañador do concurso que se levou a cabo entre os os nenos e nenas de 1º a 6º curso do CEIP Pedro Antonio Cerviño con motivo da celebración do “Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero”.

O xurado, que valorou a orixinalidade do cartel que mellor plasmou a idea central da campaña, escolleu entre as tres categorías gañadoras o cartel de Nicolas Silva Lodeiro, de 6º curso, que foi impreso e difundido polo Concello de Campo Lameiro. Igualmente fixéronse pegatinas alusivas a este día tamén co mesmo debuxo e que foron repartidas entre tódolos visitantes ao Concello e entre os nenos e profesores do Ceip Pedro Antonio Cerviño e o Colexio de Cerdeiras.